

GUÍA DE USO DA PLATAFORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A Fundación Emalcsa publica convocatorias de axudas dirixidas a apoiar a entidades sen ánimo de lucro que favorezan o acceso igualitario e inclusivo a actividades culturais e deportivas a través dos programas Deporte Solidario e Inclusivo e Cultura Accesible e Inclusiva.

As entidades interesadas deben presentar a súa solicitude en formato dixital a través da plataforma habilitada para a súa tramitación. A continuación, descríbese o proceso a seguir:

1. Deberás acceder á web da plataforma de presentación de solicitudes (www.convocatorias.fundacionemalcsa.es).

Nela, terás acceso as bases das convocatorias: [Cultura Accesible e Inclusiva 2023-2024](#) e [Deporte Solidario e Inclusivo 2023-2024](#), así como aos [modelos específicos da convocatoria de Cultura Accesible](#) e os [modelos específicos da convocatoria de Deporte Solidario](#) que será preciso presentar no proceso de solicitude. Poderás configurar o idioma da plataforma dende o menú de navegación ubicado no inicio da páxina.



2. Para iniciar a presentación da solicitude, deberás clicar en “Presenta a túa solicitude”.

PRESENTA A TUA SOLICITUDE

3. Tras acceder ao formulario de solicitude, en primeiro lugar deberás elixir no menú desplegable a convocatoria á que queres presentar un proxecto.

Convocatoria á que se presenta

X Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2023/2024

X Convocatoria Deporte Solidario e Inclusivo 2023/2024

VIII Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva 2023/2024

4. Posteriormente, e segundo a convocatoria elixida, solicitaranse unha serie de datos sobre a entidade e o proxecto presentado. Os campos que teñan consigo un asterisco vermello, han de cubrirse obrigatoriamente.

Algúns campos teñen un formato predefinido:

- a. **NIF**: Só poderá constar un documento de identificación da entidade, formado por unha letra e oito números. Non admitirá outros formatos diferentes ao citado.

NIF *

A-12345678

El límite es de 10 caracteres. Caracteres restantes: 0.

- b. **Denominación oficial da entidade**: A plataforma detectará automaticamente se unha entidade está a presentar dúas solicitudes.

Denominación oficial da entidade *

Nome oficial da entidade solicitante (de ser o caso, indicar entre paréntesis as siglas polas que é coñecida)

- c. **Número de conta bancaria da entidade:** Deberanse incluír os dous primeiros díxitos do IBAN e posteriormente o número de conta bancaria. A plataforma non admitirá campos diferentes a números.

Número de conta bancaria da entidade

ES12-0000-0000-0000-0000

5. No apartado de “Documentación da Entidade”, deberás subir os arquivos mencionados nas bases. Para subir estes arquivos, habilitouse un campo específico para cada un. O tamaño permitido por arquivo é de 5mb, e poderanse subir entre 2 e 15 arquivos dependendo do campo.

Inserte aquí os convenios de colaboración firmados ou cartas de compromiso



Click or drag files to this area to upload.
You can upload up to 15 files.

Modelo 5 do contido descargable na páxina da convocatoria.

6. En calquer momento, poderás gardar a información incluída no formulario, **aínda que non é posible gardar os arquivos cargados nos campos**. Para gardar este progreso, deberás clicar no botón situado ao final do formulario “**Gardar e reanudar máis tarde**”. Crearase unha ligazón para acceder ao formulario. Existe a opción de aportar un email ao que chegará esta mesma ligazón.

A túa entrada no formulario gardouse e creouse unha ligazón única ao que podes acceder para renovar este formulario.

Introduce a túa dirección de correo electrónico para recibir a ligazón por correo electrónico. Alternativamente, podes copiar e gardar a ligazón que aparece a continuación.

Por favor, ten en conta que esta ligazón non debe ser compartido e caducará en 30 días, despois a túa entrada no formulario será eliminada.

Copy Link


<https://convocatorias.fundacionemalcsa.es/index.php/>

Email *

Send Link

7. Unha vez cuberta a solicitude, terás que aceptar a política de privacidade e a declaración de veracidade da información, e pulsar en “Enviar”.

Chegará unha mensaxe coma a seguinte ao correo electrónico indicado no formulario, onde se indicará unha referencia de solicitude que poderás usar para consultar calquera cuestión contactando coa Oficina Técnica.



8. A data límite de presentación é o 6 de xuño de 2023 as 23:59. Trascorrido este prazo, o formulario quedará inactivo de forma automática e non será posible enviar máis solicitudes, mostrándose a seguinte mensaxe:

Formulario de solicitud

Lo sentimos, el plazo para el envío de solicitudes está cerrado.

9. Se tes algunha dúbida ou consulta podes remitirla a través do formulario de contacto habilitado na plataforma. Posteriormente, a Secretaría Técnica do programa poñeráse en contacto o antes posible contigo.

MÁIS INFORMACIÓN

Tes algunha dúbida? Nós axudámosche a resolvela. Podes chamarnos ao 627251278, escribirnos a convocatorias.fundacionemalcsa@gmail.com, ou encher o seguinte formulario expóndonos a túa consulta.

O noso horario de atención telefónica é de 9:00h a 14:00h e de 16:00 a 18:00h de luns a xoves e venres de 9:00h a 14:00h.

Nome e Apellidos

O teu correo electrónico

Teléfono

Mensaxe

Lin e acepto a política de privacidade

ENVIAR

Tamén podes contactar directamente coa Secretaría Técnica no correo electrónico convocatorias.fundacionemalcsa@gmail.com ou no teléfono 627 251 278.